

---

## **1. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

---

Estas normas están baseadas na Orde do 13.11.84 sobre evacuación de centros docentes do M.E.C. ( B.O.E. nº 276 do 17.11.84).

As actuais instruccións están unicamente orientadas á realización dun simulacro de emerxencia coa evacuación dos edificios que permita:

- a) Familiarizar á nosa comunicade escolar cunha situación que, chegado ó caso, non lle sorprenda totalmente desprevido.
- b) Poder Usar adecuadamente os medios dispoñibles para diminuí-la magnitude dunha situación imprevista.
- c) Detecta-las principais insuficiencias nos edificios, así como defini-las medidas correctivas oportunas a efectos de evacuación e actuación en caso de emerxencia

Consideramos situación de emerxencia aquela que podería estar motivada por un incendio, o anuncio de colocación de artefacto explosivo, fuxida de gas ou calquera outro tipo de alarma que xustifique a evacuación rápida dos edificios.

Con este tipo de prácticas non se pretende conseguir un resultado definitivo, senón máis ben o adestramento e a corrección de hábitos do alumnado e profesorado, tendo en conta os condicionamentos físicos e ambientais dos dous edificios deste centro.

---

## 2. CARÁCTER DA EXPERIENCIA

---

A efectos orientativos, soamente podemos considerar tempos máximos para a evacuación dos dous edificios do noso colexio os seguintes:

- DEZ MINUTOS para a evacuación total dos edificios.
- TRES MINUTOS para a evacuación de cada un dos pisos.

En conxunto estimamos que a duración total dunha práctica de evacuación e a conseguinte interrupción das actividades escolares non debe durar máis de VINTE MINUTOS.

Se ben a hipótese que se considera para este exercicio práctico de evacuación non coincide exactamente coas condicionantes dun caso real de perigo, que serían as que, en cada caso, determinaría a estratexia de evacuación a adoptar, con esta experiencia pretendemos uns resultados que axuden a detecta-las principais insuficiencias dos edificios, así como defini-las medidas correctoras particulares para cada edificio a efectos de evacuación.

O simulacro deberá realizarse na situación de máxima ocupación dos edificios na actividade escolar, así como coa disposición normal de mobiliario, pero sen que o alumnado sexa previamente avisado nin do día nin da hora. O profesorado que ten recibido instrucións previas, a efectos de planificación do exercicio práctico, tampouco deberán coñece-la data nin a hora. Este extremos será determinado polo director do centro segundo o seu criterio e responsabilidade.

prevese que este exercicio se realice sen contar coa colaboración exterior ( Cruz Vermella, Bombeiros, Protección Civil...), xa que se trata dun exercicio escolar, sen causa real de emerxencia. Por outra banda, unha evacuación por motivos reais, tamén cómpre iniciala sen os auxilios exteriores, contando unicamente cos nosos propios medios.

---

### 3. INSTRUCCIÓN ORIENTATIVAS PARA O PROFESORADO.

---

A dirección do centro designa un coordinador/a xeral que asumirá a responsabilidade total do simulacro, coordinará tódalas operacións do mesmo e controlará o tempo total de evacuación do mesmo. Esta función a asumirá a XEFE DE ESTUDIOS. Igualmente haberá un coordinador/a suplente: o/a SECRETARIO/A.

Designarase ademais un coordinador por cada piso que se responsabilizará das accións que se efectúan na planta encomendada, así como controla-lo tempo total de evacuación da planta. Como norma xeral serán os seguintes:

**EDIFICIO DE E. INFANTIL:**

Piso baixo: titora de 4 anos, A  
Piso alto: titora de 3 anos, A.

**EDIFICIO DE E. PRIMARIA:**

Piso baixo: titora de 5 anos, A  
1º piso: coordinadora 1º ciclo  
2º piso: coordinadora 3º ciclo  
3º piso: mestre/a que estea na biblioteca e/ou ximnasio.

Cada mestre/a responsabilizarase de controla-los movementos dos alumnos ó seu cargo no momento da evacuación, de acordo coas instruccións recibidas do coordinador xeral e dos coordinadores de cada piso.

Cada mestre-titor/a, na súa aula, organizará a estratexia do seu grupo, encargando a algúns alumnos a realización de funcións concretas como pecha-las ventás, as portas, conta-los alumnos, controlar que non leven obxectos persoais... Con isto preténdese dar ós nenos, cando a súa idade o permita, maior participación nestes exercicios.

Cando se desaloxaran tódolos alumnos, cada mestre/a comprobará que as aulas ou recintos que teñan asignados queden baleiros, deixando as portas e as ventás pechadas e comprobando que ningún alumno quede nos aseos, titorías e outras dependencias.

Desígnase ó conserxe a responsabilidade de desconecta-las instalacións dos edificios por este orde:

- 1º Electricidade.
- 2º Subministro de gasóleo.(calefacción)

Designarase ás mestras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe encargadas dos alumnos eivados ou con dificultades motóricas.

Informarase ó alumnado dos pormenores e obxectivos deste exercicio e explicaráselle-las instruccións que seguen:

- a) O comezo do exercicio virá dado polo sinal acústico de TRES TIMBRAZOS CON INTERVALO. O edificio de E. Infantil será avisado por vía telefónica.
- b) Para a evacuación ordenada de pisos seguiranse estes criterios:

- b.1.) O alumnado e profesorado de E. Infantil de 3 e 4 anos sairán e se concentrarán no adro cuberto que hai na entrada do edificio.
- b.2.) Desaloxarán o edificio en primeiro lugar os alumnos da planta baixa, que o farán pola porta principal, cara ó xardín da Avda. Joaquín Planells ( sen saír á rúa ).
- b.3.) Simultaneamente, o alumnado e profesorado dos pisos superiores mobilizaranse ordenadamente cara ás escaleiras que utilizan habitualmente, saíndo en concentrándose no patio de recreo non cuberto, sen mesturarse os grupos.
- b.4.) O desaloxo de cada piso realizarase por clases, saíndo en primeiro lugar as aulas máis pretas ás escaleiras, sen mesturarse os grupos.
- b.5.) Cada grupo de alumnos evacuará o colexio, seguindo estas normas, baixo a atención do mestre/a que os teña ó seu cargo nese momento.

Non se empregarán neste simulacro outras saídas que non sexan as normais do edificio.

- 3.10 Non se empregará o ascensor nin se abrirán as ventás e portas que, no caso de incendio, favorecerían as correntes de aire e a propagación das lapas.
- 3.11. O profesorado procurará non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo, para evitar que esta actitude puidera transmitirse ó alumnado.
- 3.12. Unha vez desaloxado o edificio, o alumnado situarase no lugar previsto, sempre baixo o control do mestre/a que comprobará a presenza de tódolos alumnos da súa clase.
- 3.13. Rematado o exercicio e controlados os tempos, o equipo directivo inspeccionará todo o colexio con obxecto de detectar anomalías ou desperfectos que puideran ocasionarse.
- 3.14. Un timbrazo longo indicará o regreso ás aulas, que se efectuará da mesma maneira que nas entradas de tódolos días.
- 3.15. Rematado o exercicio, a dirección do centro elaborará o correspondente informe que fará chegar á Delegación Provincial de Educación.
- 3.16. É esencial a completa colaboración e coordinación do profesorado. Os mestres/as responsabilizaranse do comportamento dos alumnos ó seu cargo nese momento co obxecto de evitar accidentes e desperfectos.

#### **4. INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO.**

4.1. Cada grupo de alumnos actuará de acordo coas instruccións do profesor/a que teña nese momento. En ningún caso seguirá iniciativas propias.

4.2. Os alumnos/as que teñan encomendada algunha función específica colaborarán co profesorado no mantemento da orde.

4.3. En ningún caso se recollerán obxectos persoais.

4.4. Os alumnos que se atopen nos aseos deberán incorporarse rapidamente ó seu grupo. No caso que se atopase nun piso distinto ó da súa aula, se incorporarán ó grupo máis preto no momento da saída.

4.5. Tódolos movementos deberán realizarse rápida e ordenadamente, sen atropelar nin empurrar.

4.6. Ninguén se parará nas portas de saída.

4.7. Realizarase o exercicio en silencio, con sentido da orde e axuda mutua.

4.8. Respetarán o mobiliario e equipamento escolar.

4.9. No caso de que aparecese algún obstáculo que dificultase a saída, sería apartado de forma que non provoque caídas e o deterioro do obxecto.

4.10. Iniciada a evacuación, en ningún caso se retrocederá.

4.11. Os grupos permanecerán sempre xuntos, mesmo nos lugares de concentración, co obxecto de facilita-lo control.